



## **NOTA INFORMATIVA**

### **AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE 3º DE PRIMARIA**

Estimada familia,

Os vindeiros días 30 e 31 de maio celebrarase en todos os centros escolares de Galicia a avaliación individualizada de 3.º curso de Educación Primaria, tal e como se ven facendo nos últimos anos.

Esta avaliación é unha proba de carácter estritamente informativo e orientador. É dicir, que os resultados obtidos non computan en ningún caso para as cualificacións do alumnado nin teñen efecto no expediente.

Isto é, faise cun obxectivo claro e inequívoco: obter a necesaria información comparada do sistema para poder deseñar programas de mellora no eido educativo.

Trátase, por tanto, dunha ferramenta -que non a única- que se emprega para testar o estado actual da educación, anticiparnos a posibles eivas e poñer os medios para corrixilas. Probas coma esta fanse de xeito normalizado no resto de países europeos (Francia, Alemaña, Reino Unido...). Ademais é moi semellante á que se viña aplicando desde o ano 2009 ao alumnado de 4.º curso de Primaria do noso sistema educativo.

As familias deben saber, igualmente, que a proba está adaptada á idade dos nenos e nenas que a van realizar, e ao currículo de 3.º de Primaria, que é o que están cursando. Ademais, non se avalían materias concretas, senón a competencia matemática e a competencia en comunicación lingüística. É dicir, as probas non miden o que saben os alumnos e alumnas, senón como aplican os coñecementos dos que dispoñen.

Desde a Consellería de Educación queremos enviar unha mensaxe de tranquilidade xa que a proba enmárcase dentro da actividade ordinaria dos centros escolares e, en ningún caso, substitúe o labor dos docentes, senón que o reforza na medida en que está configurada como unha ferramenta metodolóxica complementaria que axuda aos centros educativos e ás familias a ter información adicional sobre a evolución do alumno ou alumna.

A consecución dun sistema educativo máis innovador, de máis calidade, máis equitativo e máis inclusivo é unha tarefa do conxunto da comunidade educativa, e require da implicación de todos os actores; polo que agradecemos a colaboración dos docentes, das familias e do propio alumnado.